

COMISIÓN INFORMATIVA ESPECIAL DE CONTAS, FACENDA E RECURSOS HUMANOS

ACTA da mencionada comisión informativa, correspondente ao día **17 de xullo de 2024**

Ás 16.50 horas do día 17 de xullo de 2024, reúnese a Comisión Informativa Especial de Contas, Facenda e Recursos Humanos, en sesión ordinaria, na sala de xuntas da Deputación Provincial, coa asistencia dos seguintes deputados e deputadas:

Presidente: D. Luís Menor Pérez

Deputados/as do Grupo Popular:

D.^a Marta Nóvoa Iglesias

D. Jorge Pumar Tesouro

D.^a Patricia Torres Madureira

D. Xosé Miguel Pérez Blecua

D. Manuel Seoane Rodríguez

Deputados/as do Grupo Socialista:

D. Álvaro Vila Araújo

D.^a Susana Rodríguez Estévez

D. Aurentino Alonso Araújo

D. Emilio Luís Díaz Vidal

Deputados/as do BNG:

D.^a María José Mangana Guede

D. Bernardo Varela López

Deputados de Democracia Ourensana:

D. Antonio Fernández Martín

D. Gonzalo Pérez Jácome

Secretario: D. Juan Marquina Fuentes Fuentes

Interventora: D.^a Begoña Álvarez Matos

Seguidamente, iniciouse o tratamento dos asuntos incluídos na orde do día, do xeito que se reflicte a continuación:

**1º.- APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR, CORRESPONDENTE Á DO
DÍA 17 DE XUÑO DE 2024.-**

A Secretaría Xeral deu traslado do borrador da acta da sesión anterior, correspondente á ordinaria do día 17 de xuño de 2024.

Non se producen intervencións e, por unanimidade, a comisión adopta o seguinte acordo:

Aprobar a acta da sesión ordinaria da Comisión Informativa Especial de Contas, Facenda e Recursos Humanos do día 17 de xuño de 2024, conforme co borrador elaborado pola Secretaría Xeral.

**2º.- APROBACIÓN DO EXPEDIENTE NÚMERO 4/2024 DE MODIFICACIÓN DE
CRÉDITOS ORZAMENTARIOS MEDIANTE A CONCESIÓN DUN SUPLEMENTO
DE CRÉDITO E DA MODIFICACIÓN DAS BASES DE EXECUCIÓN DO
ORZAMENTO VIXENTE DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE OURENSE.-**

Dª Begoña Álvarez Matos, xefa do Servizo de Intervención, expón o contido da proposta.

Os representantes do BNG e do Grupo Socialista agradecen a explicación xa que entenden que se trata de un problema de xestión orzamentaria.

Non se producen máis intervencións e co voto favorable do Grupo Popular (6) e do BNG (2) e a abstención do Grupo Socialista (4) e de DO (2) a comisión ditamina favorablemente a adopción, por parte do Pleno, do seguinte acordo:

1º.- Aprobar inicialmente o expediente de modificación orzamentaria cuantitativa mediante a concesión dun **suplemento de créditos** , que está regulada no artigo 177 do RD Lexislativo 2/2004 polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, e nos artigos 35-38 do Real Decreto 500/1990., ante la existencia de gastos que non poden demorarse ata o exercicio seguinte para os o crédito existente é insuficiente e non ampliable.

Ascende a cantidade total de 625.000,00 euros financiado con remanente de tesourería para gastos xerais , que se desprende da liquidación do exercicio 2023, xustificando para o efecto a necesidade da medida acreditando o carácter determinado dos gastos a realizar.

O detalle da modificación orzamentaria cuantitativa proposta é a seguinte:

Suplementos de créditos:

Aplicación orzamentaria		Importe
94201/ 76200	“Transferencias a entidades locais territoriais . Subvencións de capital a concellos.	625.000,00 €

	COOPEROU ”	
--	------------	--

2º.- Proponse a **modificación dos obxectos de subvencións concedidas por esta entidade**, que **non afectan cuantitativamente** ao Orzamento Xeral do exercicio 2024, segundo o detalle seguinte:

a) Con cargo á aplicación orzamentaria **450.12/762.99 “Cooperación provincial. Subvencións nominativas de capital a concellos ”** no expediente de modificación número 1/2024 dos orzamentos para o exercicio 2024 da Deputación Provincial de Ourense, prevíase unha subvención nominativa ao **Concello de LOBEIRA** para **“Mellora de eficiencia enerxética en Fraga e Santa Cruz”** pola cantidade de 50.000,00 euros.

En base a solicitude asinada polo Alcalde do concello de Lobeira asinado o 13 de xuño de 2024 e entrada no rexistro electrónico da Deputación o mesmo día comunicando que segundo a documentación óbrante no expediente, o proxecto corresponde a dos núcleos diferentes, polo que solicita a ser posible, o cambio da finalidade da mesma onde soamente cambiaría o nome dos núcleos.

Polo exposto anteriormente, **proponse o cambio da finalidade** da subvención cambiando os nomes dos núcleos sen producirse mais variacións.

FINALIDADE	IMPORTE
Mellora de eficiencia enerxética en Torneiros e Sabariz	50.000,00 €

b) Con cargo á aplicación orzamentaria **450.12/462.99 “Cooperación provincial. Subvencións nominativas a concellos”** no expediente número 1/2024 de modificación dos orzamentos para o exercicio 2024 da Deputación Provincial de Ourense, prevíase unha **subvención nominativa ao concello de MUIÑOS** para o **“Plan piloto Comunidades Enerxéticas”** polo importe de 5.000,00 euros.

En base á solicitude presentada polo Alcalde do concello de data 25 de xuño de 2024 **proponse o cambio da finalidade** da subvención, debido as necesidades urxentes a acometer en distintos núcleos de poboación, quedando da seguinte maneira,

FINALIDADE	IMPORTE
Melloras no alumeadado público no concello de Muiños	5.000,00 €

c) Con cargo á aplicación orzamentaria **334.20/480.99 “ Actividades culturais. subvencións nominativas correntes a familias e inst. sen fins de lucro.. ”** no expediente número 1/2024 de modificación dos orzamentos para o exercicio 2024 da Deputación Provincial de Ourense, prevíase unha **subvención nominativa a o “PROXETO HOME GALICIA** para o “ Gastos de funcionamento” polo importe de 20.000,00 euros.

Unha vez revisada a documentación aportada pola Fundación para a concesión da subvención observase un erro na denominación do beneficiario, polo que **proponse o cambio** do mesmo, quedando da seguinte maneira,

BENEFICIARIO	FINALIDADE	IMPORTE
FUNDACIÓN MONTE DO GOZO	Gastos de Funcionamento	20.000,00 €

d) Con cargo á aplicación orzamentaria **334.20/780.99 “ Actividades culturais. subvencións nominativas de capital a familias e inst. sen fins de lucro.. ”** no expediente número 1/2024 de modificación dos orzamentos para o exercicio 2024 da Deputación Provincial de Ourense, prevíase unha **subvención nominativa a “ASOCIACIÓN CLUB RECREATIVO AS BURGAS”** para as “ Obras de adaptación locais interiores ” polo importe de 15.500,00 euros.

Una vez solicitada a documentación a memoria presentada para a xustificación da subvención observase que as obras foron executadas e pagadas no exercicio 2023, polo que o responsable da asociación solicita que se engada o ano 2023 ao obxecto da mesma, quedando da seguinte maneira,

BENEFICIARIO	FINALIDADE	IMPORTE
ASOCIACION CLUB RECREATIVO BURGAS	Obras de adaptación locais interiores exercicio 2023	15.500,00 €

e) Con cargo á aplicación orzamentaria **17222/78099 “ Protección e mellora do medio ambiente. Subvencións nominativas de capital a familias e inst. sen fins de lucro.. ”** no

expediente número 1/2024 de modificación dos orzamentos para o exercicio 2024 da Deputación Provincial de Ourense, prevíase unha **subvención nominativa a “RESERVA DA BIOSFERA DE ALLARIZ ”** para as “ Conservación da Biosfera terrestre e mariña do compoñente C4 do Plan de recuperación, transformación e resiliencia ” polo importe de 76.000,00 euros.

Vista a solicitude presentada pola representante da asociación indicando que a cantidade que solicitan corresponde ao IVE non subvencionable, e debido a que os concellos que integran a asociación non poden asumir o coste do mesmo, para poder xustificar correctamente a subvención é necesario que se engada ao obxecto da mesma os exercicios 2022 e 2023, quedando da seguinte maneira,

BENEFICIARIO	FINALIDADE	IMPORTE
RESERVA DA BIOSFERA DE ALLARIZ	Conservación da biosfera terrestre e mariña do compoñente c4 do plan de recuperación, transformación e resiliencia exercicios 2022 e 2023	76.000,00 €

Estes cambios non implican un cambio cuantitativo no orzamento xeral da Deputación Provincial de Ourense.

A presente modificación, que está estruturada e adaptada ao previsto na Orde EHA 3565/2008, de 3 de decembro de 2008 pola que se aproba a estrutura dos orzamentos as Entidades Locais, modificada pola Orde HAP/419/2014, de 14 de marzo se eleva a **625.000,00 euros** e finánciase co Remanente de Tesourería para Gastos Xerais deducido da liquidación do exercicio 2023.

3º.- De acordo co artigo 169 da Lei reguladora das facendas locais, por remisión do artigo 177.2 do mesmo texto legal, o expediente será exposto ao público, tras o anuncio no Boletín Oficial da Provincia, por 15 días, durante os cales os interesados poderán examinalo e presentar reclamacións ante o Pleno.

O expediente considerarase definitivamente aprobado se durante o citado prazo non se presentasen reclamacións.

3º.- APROBACIÓN DEFINITIVA DO ORZAMENTO DO CONSORCIO PROVINCIAL DE OURENSE PARA A PRESTACIÓN DO SERVIZO CONTRA INCENDIOS E SALVAMENTO E A SÚA INTEGRACIÓN NO ORZAMENTO XERAL DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL, PARA O EXERCICIO 2024.

Dª Marta Nóvoa Iglesias, do Grupo Popular, explica o contido do orzamento e a desestimación da alegación presentada.

D. Aurentino Alonso Araujo, do Grupo Socialista, sinala que o seu grupo vai a manter a postura da abstención instando a que se solucione o problema da contratación en precario da empresa Veicar.

Non se producen máis intervencións e co voto favorable do Grupo Popular (6) e a abstención do Grupo Socialista (4), do BNG (2) e de DO (2), a comisión ditamina favorablemente a adopción, por parte do Pleno, do seguinte acordo:

1º.- Desestimar a alegación formulada por D. Ángel Barrio Alonso contra a aprobación inicial do orzamento do Consorcio Provincial de Ourense para a Prestación do Servizo contra Incendios e Salvamento para o exercicio 2024.

2º.- Aprobar definitivamente o orzamento do Consorcio Provincial de Ourense para a Prestación do Servizo contra Incendios e Salvamento para o exercicio 2024, conforme co proxecto aprobado polo Pleno do Consorcio o 22 de abril de 2024, por importe de **catro millóns seiscientos cincuenta e un mil cento vinte e cinco euros con sesenta e tres céntimos (4.651.125,63 €)**, co seguinte resumo por capítulos:

ESTADO DE GASTOS: RESUMO POR CAPÍTULO	
Capítulo	Importe
1.- Gastos de persoal	3.325.791,33 €
2.- Gastos correntes en bens e servizos	1.100.134,30 €
3.- Gastos financeiros	200,00 €
4.- Investimentos reais	225.000,00 €
TOTAL GASTOS	4.651.125,63

ESTADO DE INGRESOS: RESUMO POR CAPÍTULO	
Capítulo	Importe
3.- Taxas, prezos públicos e outros ingresos	101.000,00 €
4.- Transferencias correntes	4.550.125,63 €

TOTAL INGRESOS	4.651.125,63 €
-----------------------	-----------------------

3º.- Publicar o dito orzamento, resumido por capítulos, no BOP.

4º.- PROGRAMACIÓN DA ESCOLA PROVINCIAL DE ARTES E OFICIOS PARA O CURSO 2024-2025.-

Dª Ana Patricia Torres Madureira, do Grupo Popular, explica o contido das propostas dos puntos 4º, 5º e 6º.

Non se producen intervencións e co voto favorable do Grupo Popular (6) e do Grupo Socialista (4) e a abstención do BNG (2) e de DO (2), a comisión ditamina favorablemente a adopción, por parte do Pleno, do seguinte acordo:

1º) Aprobar a programación da Escola de Artes e Oficios para o curso académico 2024-2025, co seguinte contido:

1.- Accións formativas

A Escola desenvolverá a formación nas seguintes disciplinas artísticas.

Debuxo e Pintura

Talla e escultura en madeira

Modelado-escultura en barro

Olería

2.- Calendario

O calendario do curso será dende o día 1 de outubro de 2024 ao día 30 de xuño de 2025.

Impartiranse cinco (5) horas de docencia diarias de cada disciplina en días hábiles, de luns a venres, e en horarios que fixará a Dirección da Escola. Os profesores disporán dunha (1) hora diaria de preparación das súas clases.

En función da matrícula existente, a Dirección poderá organizar o contido de cada disciplina nos grupos e horarios que se estimen máis convenientes. Por razón de seguridade en materia sanitaria, estableceranse dúas quendas en días alternos, se a matrícula o fai preciso.

A impartición dos cursos levarase a cabo nas aulas da Escola de Artes e Oficios utilizando os medios e materiais dispoñibles. Non obstante o anterior, o material de traballo de cada alumno (pintura, lenzos, molduras, etcétera) será por conta deste. Como excepción, no curso de olería e modelado, a Deputación poderá adquirir o barro a un distribuidor e cobrarlle ao alumno a prezo de custo, sen prexuízo de que estes poidan adquirilo pola súa conta, se así o desexan.

3.- Prazo e procedemento de inscrición para a participación nas accións formativas

O prazo de inscrición será durante os días 2 a 30 de setembro de 2024, ambos incluídos. A inscrición realizarase no Centro Cultural “Marcos Valcárcel” (rúa Progreso, nº 30) no modelo normalizado dispoñible nas ditas oficinas e esixirá o ingreso da matrícula anual establecida.

A presentación do formulario de inscrición coa acreditación de pago da matrícula permitirá entender automaticamente realizada esta. Poderán matricularse alumnos a partir dos 12 anos de idade.

4.- Prezos públicos pola participación en acción formativas

Matrícula anual por disciplina: 50,00 €

Abono mensual por disciplina: 10,00 €/mes por alumno

A matrícula debe ser pagada no momento da inscrición, constituíndo requisito previo imprescindible para a súa efectividade.

O pago da cota mensual deberase de efectuar por adiantado nos primeiros cinco (5) días de cada mes. A falta de pago dará lugar de forma automática á suspensión do dereito de asistencia ao curso, que se manterá ate que se realice o referido pago.

Os prezos públicos indicados inclúen o IVE correspondente.

Bonificacións: en todos os prezos públicos aplicaráselles unha bonificación do 100% aos alumnos que teñan a condición de desempregados ou fillos de desempregados. A acreditación da condición de desempregado realizarase mediante certificación expedida polo Servizo Público de Emprego.

Ao abeiro do establecido no artigo 4.1.c da Ordenanza Reguladora da Escola de Artes e Oficios, establécese una bonificación do 100% tanto na matrícula anual como no abono mensual en todas as disciplinas para as persoas con síndrome de Down e persoas cun grao de discapacidade recoñecido igual ou superior ao 33%. Para o acceso á dita bonificación, os interesados deberán acreditar o seu grao de discapacidade.

2º) Ordenar a publicación deste acordo no BOP, para xeral coñecemento.

5º.- PROGRAMACIÓN DA ESCOLA PROVINCIAL DE GAITAS PARA O CURSO 2024-2025.-

Non se producen intervencións e co voto favorable do Grupo Popular (6) e do Grupo Socialista (4) e a abstención do BNG (2) e de DO (2), a comisión ditamina favorablemente a adopción, por parte do Pleno, do seguinte acordo:

1º.- Aprobación da programación da Escola Provincial de Gaitas para o curso 2024-2025, co seguinte contido:

Seguindo a programación académica contida nos programas dos distintos cursos a actividade docente iniciárase o 1 de outubro e rematará o 30 de xuño, impartíndose hora e media semanal por materia, á parte do mesmo tempo de ensaio semanal e actuacións coas distintas agrupacións da Escola.

Cada disciplina contará con profesor específico.

A actividade docente realizarase na Escola Provincial de Gaitas situada no Campus Universitario de Ourense.

Cada alumno achegará o seu material didáctico.

O prazo de matrícula será do 2 de setembro ao 31 de outubro, ambas datas inclusive. Excepcionalmente poderanse realizar matrículas ao longo do curso, especialmente cando se trata de alumnos estranxeiros ou grupos de centros galegos da emigración.

O prezo da matrícula por curso académico e materia (gaita, percusión, zanfona, canto e pandeireta) será de 40 €. En caso de varios membros da mesma unidade familiar, o primeiro membro pagará 40 € por matrícula e os restantes 15 € cada un deles.

Aplicarase unha bonificación do 100% aos alumnos que sexan desempregados ou fillos de desempregados. Así mesmo aos alumnos que teñan recoñecida discapacidade igual ou superior ao 33%.

A programación dos cursos así como toda a información estará dispoñible para os interesados nas dependencias da Escola de Gaitas, onde tamén se formalizará a matrícula.

OFERTA DE PRAZAS

CICLO ELEMENTAL GAITA

Preparatorio 1 20 prazas

Preparatorio 2 20 prazas

CICLO MEDIO GAITA

1º Curso 40 prazas

2º Curso 40 prazas

3º Curso 40 prazas

CICLO SUPERIOR GAITA

1º Curso 10 prazas

2º Curso 10 prazas

3º Curso 10 prazas

4º Curso 5 prazas

CURSO ADULTOS GAITA

1º Curso 40 prazas

2º Curso 20 prazas

PERCUSIÓN

1º Curso 20 prazas

2º Curso 20 prazas

3º Curso 20 prazas

Curso especial 10 prazas

CANTO E PANDEIRETA

Preparatorio 1 15 prazas

Preparatorio 2 20 prazas

1º Curso 20 prazas

2º Curso 20 prazas

3º Curso 20 prazas

CURSO ADULTOS CANTO E PANDEIRETA

1º Curso 30 prazas

2º Curso 30 prazas

ZANFONA

1º Curso 10 prazas

2º Curso 10 prazas

3º Curso 10 prazas

2º.- Ordenar a publicación deste acordo no BOP, para xeral coñecemento.

6º.- PROGRAMACIÓN DO CURSO 2024-2025 E FIXACIÓN DE PREZOS PARA AS ACTIVIDADES DO CCP XAQUÍN LORENZO-ESCOLA DE DANZA.-

Non se producen intervencións e co voto favorable do Grupo Popular (6) e do Grupo Socialista (4) e a abstención do BNG (2) e de DO (2), a comisión ditamina favorablemente a adopción, por parte do Pleno, do seguinte acordo:

1º.- Aprobación da programación das actividades do CCP Xaquín Lorenzo-Escola de Danza para o curso 2024-2025, co seguinte contido:

1.- ACTIVIDADES:

1- Obradoiro de baile tradicional

2- Obradoiro de canto tradicional e pandeireta

3- Obradoiro de gaita para grupos de acompañamento de baile tradicional

4- Obradoiro de tecido artesán en teares tradicionais

5- Obradoiro de xogos populares

- **Obradoiro de baile tradicional:** dirixidas a todas as persoas interesadas na cultura popular a partir de cinco anos sen límite de idade e sen necesidade de ter coñecementos previos sobre a materia.

- Nº Prazas por actividade 200.

- Duración do curso: dende o día 1 de outubro ate o 15 de xuño.

- Horarios de luns a sábado de 17:30 a 21.00 en función da idade e o nivel dos alumnos.

- Tempo de clase será de 1'30 hora semanal.

- **Obradoiro de canto tradicional e pandeireta:** dirixidas a todas as persoas interesadas na cultura popular a partir de cinco anos sen límite de idade e sen necesidade de ter coñecementos previos sobre a materia.

- Nº prazas por actividade 150.

- Duración do curso: dende o día 1 de outubro ate o 15 de xuño.

- Horarios de luns a xoves de 17:30 a 21.00 en función da idade e o nivel dos alumnos.

- Tempo de clase será de 1'30 hora semanal.

- **Obradoiro de gaita para acompañamento de grupos de baile tradicional:** dirixidas a todas as persoas interesadas na cultura popular a partir de oito anos sen límite de idade.

- Duración do curso: dende o día 1 de outubro ate o 15 de xuño.

- Nº prazas: 30.

- O tempo de clase: 2 horas semanais

- Horario: xoves de 18.30 a 21.00 e venres de 19.00 a 21.30 (a convir co alumnado) en función da dispoñibilidade, da idade e o nivel dos alumnos.

- **Obradoiro de tecido artesán en teares tradicionais:** orientado para alumnos de 8 anos en adiante con interese e coñecer as técnicas de tecido artesanal galegas e no que durante o

proceso de formación confeccionarán tecidos para a posterior elaboración de vestiario da Escola de Danza da Deputación. Reservarase un período para a elaboración de tecidos para os propios alumnos (neste caso, o material correrá a cargo do alumno).

- Nº prazas por curso 20.
- Duración do curso:
- 1º Curso dende o día 1 de outubro ate 31 de xaneiro.
- 2º Curso dende o día 1 de febreiro ate o 31 de maio.
- Horarios de luns a venres de 17:00 a 20.00 (coa posibilidade de realizalo un día pola mañá en función das circunstancias do alumnado).
- Tempo de clase 3 horas semanais.
- **Obradoiro de xogos populares:** programa gratuíto dirixido a todos os centros educativos de educación primaria e secundaria da provincia de Ourense.
- Duración do curso: o obradoiro realizarase en cada centro, entre os meses de novembro e xuño en horario lectivo, con sesións adaptadas ao horario lectivo do centro.
- No período de xuño ata setembro as actividades levaranse a cabo nos concellos e asociacións da provincia, trala solicitude previa.
- Recursos materiais. O CCP Xaquín Lorenzo conta con todo o material de xogo preciso para a realización do programa.

2.- PRAZOS E PROCEDEMENTO DE INSCRICIÓN.

- Dende o día 15 de setembro ata o día 31 de outubro formalización da matrícula.
- As inscricións realizaranse no CCP Xaquín Lorenzo, situado no Centro Comercial As Lagoas, Praza Daniel González, no modelo normalizado facilitado no propio Centro despois do pago previo das taxas establecidas.
- Os centros interesados no obradoiro de xogos populares, deberán remitir a súa solicitude ao Rexistro da Deputación a partir do día seguinte ao da publicación destas bases no BOP e ata o día 15 de outubro. Os interesados deberán presentar as solicitudes, dirixidas á Presidencia da Deputación de Ourense, no Rexistro Xeral da Deputación ou a través de calquera outro medio dos previstos no artigo 16.4 de Lei 39/2015, do 26 de novembro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

3.- PREZO PÚBLICO.

- Prezo público das actividades de baile, de canto e pandeireta, e de gaita, será de 40 € en concepto de matrícula. En caso de varios membros da mesma unidade familiar, o primeiro membro pagaría o total da matrícula e os restantes 15 € cada un deles. Aplicaráselles unha bonificación do 100% aos alumnos que acrediten ser desempregados ou en caso de menores, fillos de desempregados. Así mesmo, os que teñan recoñecida a condición legal de persoa con discapacidade igual ou superior ao 33%.

- Prezo público por cada obradoiro (outubro-xaneiro e febreiro-maio) de tecido tradicional en teares será de 55 € en concepto de matrícula.

A programación dos diferentes cursos así como toda a información pertinente estará dispoñible para todos os interesados nas dependencias da propia Escola.

2º.- Ordenar a publicación deste acordo no BOP, para xeral coñecemento.

7º.- MOCIÓN DE URXENCIA.- Non se presentan.

8º.- ROGOS E PREGUNTAS.- Non se formulan.

E, ás 17.05 horas, dáse por finalizada a reunión, redactándose a presente acta que se asinará electronicamente. Dou fe.